

UGT CHAMA Á CIDADANÍA A PARTICIPAR NOS ACTOS E MOBILIZACIÓNS DO PRIMEIRO DE MAIO EN GALICIA



Redacción.- O secretario xeral de UGT-Galicia, Cristóbal Medeiros, presentou este xoves en Santiago en rolda de prensa, acompañado da secretaria xeral do S.N. de CCOO de Galicia, Amelia Pérez, as reivindicacións, actos e mobilizacións previstos para este Primeiro de Maio en Galicia.

Medeiros iniciou a súa intervención contextualizando a celebración deste Primeiro de Maio nun momento complexo, marcado pola inestabilidade e os conflitos bélicos, polo que pediu que a cidadanía saia ás rúas masivamente para converter esta data nun berro pola paz e o respecto ao dereito internacional.

Mellores salarios, vivenda, democracia e estado de benestar

Achegándonos ao próximo, manifestou que outro dos berros que se debe oír este Primeiro de Maio son todas as demandas necesarias para que as familias poidan chegar a fin de mes. Hai que demandar mellores salarios, acceso a unha vivenda digna, máis democracia e máis e mellor estado de benestar.

Manifestou a súa preocupación polos discursos de odio e enfrontamento da extrema dereita a nivel mundial pero tamén neste país. Contra isto, hai que articular máis e máis democracia e, neste senso, valorou moi positivamente o proceso de regularización de migrantes porque é un acto de xustiza, responsabilidade e decencia. Quenes traballen neste país teñen que ter dereitos.

Neste Primeiro de Maio tamén se vai demandar a redución do tempo de traballo, hai que repartir mellor o progreso nun momento no que a produtividade está a marcar os seus máximos. Pero, engadiu, que a redución debe ir acompañada dun control horario dixital para evitar as horas extraordinarias non recoñecidas.



ACTOS PRIMEIRO DE MAIO 2026

A CORUÑA	Ofrenda floral conxunta con CCOO no Cemiterio Civil.	10:00h
	Ofrenda floral na Praza de Pablo Iglesias.	11:00h
	Manifestación conxunta con CCOO dende a Praza da Palloza ata a Praza de Ourense.	12:00h
FERROL	Ofrenda floral conxunta con PSdG – PSOE (Monolito Pablo Iglesias)	11:00h
	Manifestación conxunta con CCOO dende Praza do Inferniño ata Praza de Armas	12:00h
SANTIAGO	Ofrenda floral (Parque Pablo Iglesias)	10:30h
	Manifestación conxunta con CC.OO dende Alameda ata Praza de Praterías.	12:00h
LUGO	Manifestación con saída da Casa Sindical ata a Praza de Armañá (diante da Subdelegación do Goberno)	12:30h
OURENSE	Ofrenda floral conxunta co PSdG – PSOE no Busto de Pablo Iglesias.	10:30h
	Manifestación conxunta con CCOO con saída da Subdelegación do Goberno	12:00h
PONTEVEDRA	Manifestación con saída da Praza da Ferrería e remate na Praza de España	13:00h
VIGO	Ofrenda floral a Heracleio Botana conxunta co PSdG – PSOE no Cemiterio de Pereiró	10:00h
	Manifestación conxunta con CCOO con saída do Barco de Coia (Alfageme) ata o Parque de Castrelos	12:00h
VILAGARCÍA	Manifestación conxunta con CC.OO con saída da Praza Ravella	12:00h

Trátase de traballar para vivir e iso tamén pasa por salarios dignos e suficientes que acaben coa pobreza laboral. Avogou por seguir na senda das subas do SMI porque aínda 16 de cada cen persoas traballadoras están en risco de pobreza ou exclusión social.

Hai que traballar pola dignidade e suficiencia dos salarios porque Galicia aínda seguen estando por debaixo da media estatal en moitos sectores, as persoas traballadoras teñen que chegar tranquilas a fin de mes. Tamén denunciou que as persoas traballadoras cada vez teñen menos participación no reparto da riqueza e isto é un problema. A solución pasa por subir salarios e reforzar a negociación colectiva.

Diálogo social

Neste contexto, UGT-Galicia vai seguir apostando tamén polo diálogo social porque funciona, grazas a este subiu o SMI, reduciuse a temporalidade e melloraron as condicións laborais. E, neste senso, aposta porque este cauce de traballo tamén se utilice para abordar outro dos temas que está enriba da mesa, o mal chamado absentismo laboral. Pediu que non se mesture absentismo con enfermidade ou permisos. Os dereitos

non son absentismo.

Puntualizou que dende UGT non se vai aceptar a criminalización dos traballadores e traballadoras galegas. Apostou por sentarse a falar pero con análises serias e na busca de solucións, non partindo da criminalización e da análise de parte. Considera que se trata dun problema moi complexo que non se pode simplificar con dúas cifras chamativas.

Relacionado con isto, este Primeiro de Maio tamén se ten que converter nunha plataforma de demanda para un cambio das políticas de prevención de riscos laborais e coidado da saúde porque as vixentes xa non dan resposta ao mercado laboral actual. Lembrou que tan só nos dous primeiros meses do ano faleceron en Galicia 7 persoas vítimas dun sinistro laboral e 61 resultaron feridas de gravidade e esta Comunidade segue á cabeza nos índices de incidencia da sinistralidade mortal. Por iso, UGT aposta por abrir este debate con se-

riedade, a través do diálogo social, analizando as causas reais, cargas de traballo, prevención, saúde laboral, organización do traballo ou tempos de espera no sistema sanitario. Porque, engadiu, isto non se soluciona con titulares.

Ademais, avogou por situar no centro do debate a emerxencia climática e Galicia tivo un claro exemplo deste problema cos lumes deste verán. Urxe unha transición enerxética xusta que protexa ás persoas e o territorio. Para iso, hai que reforzar os servizos públicos.

Este Primeiro de Maio tamén debe converterse nun berro de demanda de vivenda digna porque este tamén se converteu nun problema de país ao que lle hai que buscar solucións.

Finalmente, fixo un chamamento á cidadanía galega a participar neste Primeiro de Maio porque os dereitos non se regalan, conquístanse.

NOVAS MOBILIZACIÓNS "PORQUE HAI QUE PARAR A GUERRA EN ORIENTE MEDIO"

Redacción.- UGT-Galicia súmase ás concentracións convocadas para hoxe e mañá pola plataforma "Parar a Guerra".

O mundo vive un momento crucial onde as tensións convertéronse en agresións e ataques permanentes. Estamos ao bordo dun conflito verdadeiramente global, mentres ninguén pode negar que se está despregando unha guerra na totalidade da rexión de Oriente Medio.

Por estes motivos, consideramos que é crucial que a nosa organización apoie este tipo de accións onde se rexeitan principalmente: os bombardeos ilegais de EE.UU e Israel, o réxime ditatorial dos aiatolás, a grave ameaza para a paz mundial e o asasinato de inocentes. Á vez que se reclama un alto ao lume inmediato, unha solución pacífica para Oriente Medio, onde se inclúa o fin do xenocidio palestino e o recoñecemento dos dereitos do pobo palestino.

Por isto, chámase á cidadanía galega a condenar esta agresión e participar nas concentracións convocadas porque nestes momentos de inestabilidade e aumento do belicismo é crucial construír novas alianzas e tender á unidade para defender a paz e unha saída democrática e xusta para Irán e Oriente Medio e as súas clases traballadoras.



CONCENTRACIONES

POBOACIÓN	LUGAR, DÍA E HORA
Coruña	25 ás 12 Praza do Obelisco
Ferrol	25 ás 12 Praza de Armas
Toques	25 ás 12 Praza do Concello
Rianxo	24 ás 20 Praza Rafael Dieste
O Barco	25 ás 12 Diante do Concello
Pontevedra	25 ás 12 Praza da Peregrina
Vigo	25 ás 12 Marco
Lugo	25 ás 12 Diante do Concello

POBOACIÓN	LUGAR, DÍA E HORA
Betanzos	24 ás 20 Praza da Constitución
Monforte	25 ás 12 Praza de España
Santiago	25 ás 12 Praza do Toural
Vilagarcía	25 ás 12 Praza de Galicia
Redondela	25 ás 12 Diante do Concello
Pontedeume	24 ás 20 Praza Real
Padrón	24 ás 12 Diante do Concello
Melide	24 ás 20 Praza do Cantón de San Roque
Ribeira	25 ás 12 Praza do Concello
Moaña	25 ás 12 Diante do Concello

GRAN PARTICIPACIÓN NAS MOBILIZACIÓNS CONTRA O PREACORDO DO CONVENIO DE ARTE EN GALICIA E NOVA XORNADA DE FOLGA ESTE LUNS

Redacción.- O sector de comercio de FeSMC-UGT Galicia valora moi positivamente as mobilizacións celebradas os pasados 17 e 18 de abril en distintas cidades de Galicia para mostrar o rexeitamento ao preacordo do convenio de ARTE de Feticco e CCOO.

As concentracións, desenvolvidas na Coruña, Santiago, Ferrol, Vigo e Lugo, contaron cunha ampla participación de persoas traballadoras do sector do comercio, que saíron á rúa para defender os seus dereitos laborais e expresar o seu malestar cun acordo que consideran prexudicial. UGT considera que este acordo supón un retroceso en dereitos laborais fundamentais conquistados tras anos de negociación.

O preacordo expón a eliminación ou o enfraquecemento de aspectos clave como as licenzas retribuídas, complementos económicos, garantías sobre a xornada laboral ou a estabilidade na contratación. Neste sentido, advirten que a súa aplicación implicaría unha precarización do sector do comercio.

UGT agradece a implicación e o compromiso de todas as persoas que participaron nas protestas, subliñando que a resposta colectiva demostra a importancia da mobilización para frear medidas que supoñan unha perda de dereitos.

A Organización insiste en que seguirá traballando e defendendo unhas condicións laborais dignas para o conxunto do sector, reiterando o seu rexeitamento a calquera acordo que implique retrocesos nas conquistas logradas tras anos de negociación.



UGT SSPP RECLAMA AOS CONCELLOS GALEGOS QUE ADOPTEN XA A XORNADA SEMANAL DE 35 HORAS PARA TODO O SEU PERSOAL

Redacción.- En base á negociación desenvolvida por UGT, xunto con CCOO e CSIF, co Ministerio para a Transformación Dixital e da Función Pública, a Administración Xeneral do Estado acadouse a implantación para o seu persoal da xornada ordinaria semanal de 35 horas.

A Lei 7/1985, Reguladora de Bases do Réxime Local, que afecta ao persoal dos concellos de todo o territorio nacional, indica no seu artigo 94 de xeito textual o seguinte:

“La jornada de trabajo de los funcionarios de la Administración Local serán en cómputo anual la misma que se fije para los funcionarios de la Administración Civil del Estado. Se les aplicarán las mismas normas sobre equivalencia y reducción de jornada.”

Así mesmo, a Disposición adicional 144ª da Lei 6/2018 de Presupostos Xerais do Estado, vixente na actualidade dado que é a que establece en 37 horas e media,

permitindo que mediante a negociación colectiva das distintas Administracións Públicas establezan unha xornada inferior sempre que a taxa de temporalidade non supere o 8% nas prazas estruturais.

Polo tanto na Mesa Xeral de Negociación da Administración Xeral do Estado, en data 27/03/2026, chegouse a un acordo para implantar a xornada de 35 horas semanais.

Dito acordo da Mesa Xeral de Negociación trasládase á Resolución do 14/04/2026, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan instrucións sobre xornada e horarios de traballo do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e que se publica no Boletín Oficial do Estado e os seus organismos públicos.

Dita resolución, indica que entrará en vigor a partir do día seguinte da súa publicación, é dicir, día 16 de abril do ano e curso,

pero tamén sinala que terán un mes para realizar as adaptacións nos calendarios correspondentes así como nos sistemas de control horario, polo que será o 16 de maio cando entre en vigor esta Resolución da Secretaría de Estado de Función Pública.

Segundo esta resolución e a Disposición adicional 144ª, as Administracións Locais teñen de prazo un mes para negociar a xornada de 35 horas semanais ou incluso inferior pero, mentres non o fagan, resúltalle de aplicación, supletoriamente, a xornada da Administración Xeral do Estado dictada na Resolución da Secretaría de Estado de Función Pública.

Por todo o anterior, UGT quere deixar claro que o persoal dos concellos de Galicia teñen a partir do vindeiro día 16 de maio un horario semanal de 35 horas vixente en base ao traído artigo 94 da Lei de Bases do Réxime Local e fai un chamamento aos concellos galegos á iniciar unhas negociacións que poidan mellorar este horario.

UGT FICA REXEITA FRONTALMENTE O DESPEDIMENTO DE 301 TRABALLADORES DE NESTLÉ ESPAÑA

A Federación e a Sección Sindical Estatal de UGT FICA en Nestlé España critican o recorte de emprego masivo inxustificado, desproporcionado e socialmente inaceptable nun contexto no que a empresa mantén unha posición de liderado no sector alimentario e continúa xerando beneficios multimillonarios

Redacción.- A dirección de Nestlé España reuniu este martes a todos os comités de empresa dos seus centros de traballo para comunicar a oficialización dun despedimento colectivo que contempla a destrución de ata 16.000 postos de traballo en todo o mundo, dos que 301 postos de traballo corresponden a Nestlé España (Bilbao, Esplugues de Llobregat, Xirona, Guadalaxara, A Penilla, As Palmas, Madrid, Miajadas, Pontecesures, Reus, Sevilla, Sevares e Toledo). A Sección Sindical de UGT en Nestlé España manifesta o seu máis firme e rotundo rexeitamento a esta decisión.

Consideramos que este recorte masivo de emprego é inxustificado, desproporcionado e socialmente inaceptable, especialmente no contexto dunha empresa que mantén unha posición de liderado mundial no sector alimentario e continúa xerando beneficios multimillonarios.

Segundo os propios resultados financeiros publicados pola compañía no seu último exercicio anual:

A facturación superou os 89.000 millóns de francos suízos en 2025, cun beneficio neto que alcanzou máis de 9.000 millóns de francos suízos.

A rendibilidade operativa sitúase por encima do 16%, entre as máis elevadas do

sector.

O fluxo de caixa libre ascende a 9.200 millóns de francos suízos, evidenciando unha sólida capacidade de xeración de recursos.

Para 2026, a empresa prevé acelerar o seu crecemento orgánico ata o 3%-4%, cunha mellora do volume de vendas. Ademais, en mercados crave como España, Nestlé mantén un desempeño sólido, con crecemento sostido, investimentos marca e un forte impulso da innovación e as exportacións.

Estes datos demostran con claridade que non estamos ante unha empresa en crise, senón ante unha organización altamente rendible que optou por trasladar o custo da súa estratexia ao seu persoal.

A dirección xustifica estes despedimentos en nome da “eficiencia” e a “transformación organizativa”. Con todo, desde a sección sindical de UGT Nestlé España denunciámos que:

Está a priorizarse a rendibilidade financeira a curto prazo fronte á estabilidade laboral e familiar de miles de traballadores e traballadoras.

A reestruturación non pode ser utilizada como escusa para destruír emprego

de xeito masivo.

Por todo iso, esiximos á dirección da empresa:

A retirada inmediata do plan de despedimentos colectivos.

O compromiso firme de non aplicar medidas traumáticas mentres a empresa continúe obtendo beneficios multimillonarios.

A elaboración dun plan alternativo baseado na reorganización interna sen destrución de emprego.

A sección sindical considera inaceptable que unha empresa con esta capacidade económica pretenda axustar a súa estratexia a costa de miles de postos de traballo. As persoas traballadoras non poden ser a variable de axuste de decisións corporativas que responden exclusivamente a criterios financeiros.

A empresa insta a realizar unha comisión formada por 13 representantes sindicais, convocando devandita comisión, o próximo 6 de maio.

Desde a sección sindical UGT en Nestlé España queremos trasladar unha mensaxe clara a todo o persoal: non estades sós. Imos defender cada posto de traballo, cada dereito e cada familia afectada.

O PERSOAL FUNCIONARIO DO TRIBUNAL DE INSTANCIA DE SANTIAGO MOBILÍZASE PARA DENUNCIAR AS SÚAS CONDICIÓNS LABORAIS

Redacción.- O persoal funcionario do Tribunal de Instancia de Santiago concentrouse este xoves fronte á sede dos xulgados compostelanos para denunciar as súas condicións laborais e a conxuntura na que se está a prestar o servizo. Ademais, fíxose entrega dun manifesto asinado polos funcionarios desta instancia e informouse dos escritos que xa foron remitidos á Valedora do Pobo, Defensor do Pobo e grupos parlamentarios

Como se recolle no manifesto, o persoal funcionario deste Tribunal denuncia sobrecarga de traballo por falta de persoal, abuso da responsabilidade do traballador, arbitrariedade diaria e indefensión, xestión

autoritaria, vulneración do dereito á negociación colectiva, obsolescencia tecnolóxica, degradación de funcións, abandono formativo, discriminación no teletraballo e, como consecuencia de todo isto, o deterioro do servizo público.

As traballadoras e traballadores quixeron deixar ben claro que non demandan subas salariais, senón os recursos neces



sarios para prestar un servizo público digno e que se garanta o respecto absoluto aos dereitos laborais máis elementais.

UGT ESIXE UNHA MESA DE DIÁLOGO COA XUNTA E COS CONCELLOS POLO COLAPSO DO TRANSPORTE PÚBLICO POR ESTRADA NAS COMARCAS DE A CORUÑA, BERGANTIÑOS E FERROLTERRA

Redacción.- Desde o Sector de Estradas, Urbanos e Loxística do Sindicato Provincial de UGT FeSMC A Coruña, queremos informar á opinión pública da situación crítica que está a atravesar o sector cos buses cheos, frecuencias insuficientes, cabeceiras con risco de atropelo e solicitudes de baños sen resposta dos Concellos. O sindicato reclama que a Xunta de Galicia e os concellos da área metropolitana da Coruña, Bergantiños e Ferrolterra, séntense xa nunha mesa de diálogo.

UGT denuncia a situación crítica do transporte público na Coruña, Ferrol e algunhas das súas áreas metropolitanas e esixe a convocatoria inmediata dunha mesa de diálogo na que estean presentes a Xunta de Galicia, os concellos de Carballo, Oleiros, Arteixo, Sada, Culleredo, Carral, Ares, Fene, Ferrol, Mugardos, Narón, Neda e a parte social.

As expedicións saen co completo desde cabeceira e deixan usuarios en terra parada tras parada. "Isto xera frustración, discusións e conflitos diarios cos condutores", sinala UGT. Ocorre en toda a área metropolitana, en Carballo quedan viaxantes na estación sen que a empresa (ARRIVA) poña reforzos, deixando en hora punta usuarios que decidan usar o transporte público para ir ao Hospital.

Cabeceira Teatro Colón: insegura e sen servizos, UGT denunciámos que o traslado desde Entre - Xardíns ao Teatro Colón fíxose sen avaliar riscos:

- Risco de atropelo e ángulos mortos: pouco espazo para manobrar, mala visibilidade e cruzamentos perigosos para incorporar e baixar viaxantes dos roteiros.

- Sen baños: solicitouse por escrito aos cinco concellos a instalación de baños portátiles nas cabeceiras. A día de hoxe, cero contestacións e cero baños instalados.

O futuro traslado á estación Intermodal sumará minutos de rodeo e atascos. "Con buses xa cheos e cabeceiras inseguras, meter máis tempo significa máis xente na rúa e máis problemas. Non hai un estudo de tempos serio e deséñase de costas á parte social, é dicir, deséñase sen contar cos/as profesionais que prestamos servizo como condutores/as no sector", e así o quere denunciar desde este sindicato.

Desde UGT facémonos eco tamén das queixas e deficiencias que se nos trasladaron desde a Plataforma do Transporte Público Digno por Ferrol e Comarca e dos nosos afiliados condutores e condutoras do sector, e cremos fundamental a creación dunha mesa de diálogo para traballar nunha solución conxunta que mellore a prestación do servizo e, polo tanto, as condicións laborais dos compañeiros e compañeiras que traballan cada día no transporte público.

Por todo o anteriormente exposto, UGT esixe:

1. Mesa de diálogo urxente e conxunta: convocatoria por parte da Xunta de Galicia, con todos os concellos que relacionamos neste comunicado e UGT para tratar capacidade, frecuencias, seguridade de cabeceiras e baños. Non se toca unha



liña máis sen acordo sobre estes termos.

2. Reforzo inmediato de capacidade e frecuencias: buses de maior capacidade ou desdobres e revisión de horarios nas comarcas da Coruña e Ferrol.

3. Revisión de seguridade urxente na cabeceira do Teatro Colón: Informe de prevención por atropelos e ángulos mortos. Se non é segura, tomar as medidas necesarias para dar maior seguridade a viandantes, usuarios e condutores e condutoras,

4. Baños ou aseos en todas as cabeceiras: resposta por escrito de todos os concellos con data de instalación.

5. Protección ao persoal: protocolos ante a tensión diaria que xera a falta de prestación do servizo en condicións óptimas.

UGT quere denunciar ante a opinión pública que ata o de agora Xunta e concellos tomaron todas as decisións respecto ao transporte público sen contar coa representación legal dos traballadores e á vista está que os resultados non fan máis que darnos a razón á parte social.

Xornada de confraternización obreira o día 30 na Comarca de Pontevedra, Arousa e Deza

Redacción.- UGT-Pontevedra, Arousa e Deza e a Fundación Luis Tilve quentarán motores de cara ó 1º de Maio coa celebración dun xantar de confraternización obreira no que tamén participarán os compañeiros e compañeiras da Agrupación Socialista de Pontevedra.

O encontro, que terá lugar no restaurante "La Brisa" de Lourido (Poio), ás 15 horas do xoves 30 de abril, servirá de pistoletazo de saída para os actos do Primeiro de Maio.

No transcurso do acto, no que estarán presentes, o secretario xeral comarcal de UGT, Ramón Trillo; presidente da Luís Tilve, Benito Núñez; o secretario xeral da Agrupación Socialista de Pontevedra, Iván Puentes; Executiva Provincial da Federación de Servizos Públicos de UGT e o director da Fundación Luis Tilve, Guillermo Pérez Agulla, presentarase o manifesto deste ano e renderáselle unha merecida homenaxe ó compañeiro Manuel Souto, pola súa longa traxectoria, dende os anos 70, na defensa dos dereitos laborais

XANTAR DO 30 DE ABRIL
(Véspera do 1º de Maio)

ORGANIZAN: Unión Comarcal de Pontevedra, Arousa e Deza
Fundación Luis Tilve

UGT Galicia Pontevedra, Arousa e Deza **LUIS TILVE**

LUGAR: Restaurante La Brisa
Lourido-Poio
HORA: 15:00 h.
PREZO: 38 €

INSCRIPCIÓN:
UNIÓN COMARCAL UGT: Telf. 986855451
Fundación Luis Tilve: Telf. 981585490
PSDeG-PSOE: Telfs. 986843704 / 604037212

No transcurso do xantar homenaxearase a **MANUEL SOUTO** Pola súa traxectoria sindical

ACORDO HISTÓRICO NO TRANSPORTE DE VIAXEIROS DE PONTEVEDRA: MELLORA SALARIAL, REDUCIÓN DE XORNADA E AVANCES EN DEREITOS LABORAIS

Redacción.- UGT, CIG e CCOO asinan xunto á patronal o novo Convenio de Transporte de Viaxeiros en Pontevedra, que recolle importantes melloras económicas e laborais para o conxunto do sector entre 2025 e 2027.

O sector do transporte de viaxeiros na provincia de Pontevedra conta xa cun novo marco laboral tras alcanzarse un acordo oficial para a firma do convenio colectivo. O pacto, subscrito polas organizacións sindicais UGT, CIG e CCOO xunto á representación empresarial, chega despois dun período de intensas negociacións e supón un avance significativo nas condicións de traballo das persoas empregadas no sector.

Entre as principais medidas acordadas destaca un incremento salarial do 10,6%, que se aplicará de forma progresiva durante os anos 2025, 2026 e 2027. Esta subida supón unha mellora substancial do poder adquisitivo do persoal e responde a unha das principais reivindicacións sindicais.

O convenio tamén introduce unha redución da xornada laboral anual, que quedará fixada en 1.800 horas, favorecendo así unha mellor conciliación entre a vida laboral e privada. A este avance súmase a modificación do artigo relativo á xornada, un cambio considerado histórico polas organizacións sindicais, xa que garante que se re-

munere a totalidade do tempo de traballo realizado.

Así mesmo, o acordo inclúe melloras nos distintos pluses salariais contemplados no convenio, reforzando o recoñecemento económico das condicións específicas do traballo no sector.

Desde as organizacións asinantes valórase este acordo como un paso decisivo cara á dignificación das condicións laborais e o reforzo da seguridade de todas as persoas traballadoras do transporte de viaxeiros en Pontevedra, consolidando avances que marcan unha base sólida para o futuro do sector.

ACORDO HISTÓRICO DE UGT E CCOO NO CONVENIO DE ESTACIÓNS DE SERVIZO

Redacción.- UGT FICA e CCOO Industria alcanzaron o día 22 de abril un acordo histórico no convenio de estacións de servizo durante a mediación celebrada no SIMA, con incrementos salariais do 6,4% durante os 3 anos de convenio, garantía de IPC, redución de xornada e melloras laborais, o que permite desconvocar a folga prevista para a ponte de maio.

UGT e CCOO conseguen pechar un acordo crave no marco da mediación desenvolvida no Servizo Interconfederal de Mediación e Arbitraje (SIMA), desbloqueando a negociación e consolidando avances decisivos en salarios e dereitos para as persoas traballadoras do sector.

Incrementos salariais do 3,4% en 2025, do 2% en 2026 e do 1% en 2027, todos eles con efectos retroactivos

O acordo fixa incrementos salariais do 3,4% en 2025, do 2% en 2026 e do 1% en 2027, todos eles con efectos retroactivos desde o 1 de xaneiro de cada ano, alcanzando unha subida acumulada do 6,4%. Ademais, incorpora unha cláusula de revisión salarial para 2026 e 2027 que garante o IPC real, ata o 6% anual e sen revisión á baixa.

En materia de tempo de traballo, o acordo tamén logra a redución da xornada anual durante toda a vixen-



cia do convenio. Así mesmo, mellóranse distintos complementos: o plus festivo incrementábase en 2 euros desde 2026, o plus distancia alcanzará os 0,13 euros en 2027, o quebranto de moeda sitúase en 667 euros anuais en 2026 e 2027, e o plus de limpeza terá un mínimo de 30 euros.

No ámbito social, actualízase a regulación da xubilación anticipada, facilitando o seu acceso ata un mes antes da xubilación ordinaria e reorganizando a cobranza das primas en catro períodos semestrais. Tamén se reforzan as garantías laborais coa obrigatoriedade dunha audiencia previa de ata cinco días hábiles antes de calquera despedimento.

O convenio incorpora novas re-

gulacións no réxime de faltas, vinculadas ao rexistro de xornada e a comunicación de ausencias, sempre baixo o principio de que as empresas deben garantir os medios necesarios.

As partes comprometéronse a pechar a redacción definitiva do convenio nun prazo máximo de 30 días. Como consecuencia directa deste acordo alcanzado no SIMA, a parte social decidiu desconvocar a folga prevista para os días 30 de abril e 3 de maio de 2026.

Os sindicatos valoran este acordo como un avance contundente que reforza dereitos, protexe salarios e demostra que o binomio negociación e presión, son ferramentas eficaces para arrincar melloras reais.

UGT PRESENTA O INFORME 'SITUACIÓN DA IT E OS SEUS EFECTOS NA SAÚDE. A PREVENCIÓN DO SUICIDIO NO EIDO LABORAL'

O sindicato denuncia a falta de recoñecemento das enfermidades profesionais e reclama máis investimento en sanidade pública, atención especializada e reducir as listas de espera

Redacción.- O secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, e a secretaria de Saúde Laboral de UGT, Patricia Ruiz, presentaron este mércores, en rolda de prensa, o informe "Situación da IT e os seus efectos na saúde. A prevención do suicidio no ámbito laboral".

Ao longo da súa intervención, Álvarez denunciou a falta de transparencia ao redor deste fenómeno. "Hai como unha especie de fiesta pechada para que estas cuestións non sexan de público coñecemento", sinalou, defendendo a necesidade de "poñer encima da mesa, branco sobre negro, responsables e responsabilidades".

Neste sentido, rexeitou o enfoque empresarial sobre as baixas laborais, xa que "en relación co que a patronal denomina absentismo, que nós denominamos baixas laborais, convén dar resposta. E ímola a dar". De cara ao futuro, incidiu nas xornadas que UGT celebrará o próximo 28 de abril con motivo do Día Mundial da Seguridade e Saúde no Traballo, e que marcou como punto de inicio do debate sobre a reforma da Lei de Prevención de Riscos Laborais.

Doutra banda, o secretario xeral de UGT incidiu en que un dos principais problemas é a falta de recoñecemento das enfermidades profesionais. "España é un país que non recoñece as enfermidades profesionais... e os servizos públicos están a cargar con esa falta de recoñecemento", advertiu.

Así mesmo, indicou como unha das principais fontes de baixas laborais "a irresponsabilidade das empresas fronte ás obrigacións que teñen cos seus traballadores e traballadoras" e sinalou como falso que haxa máis baixas onde hai máis complementos á IT. "Os sectores con este tipo de complementos son sectores onde as organizacións sindicais temos presenza. A prevención de riscos e as contornas laborais son mellores e iso evita que as baixas laborais incrementense", explicou.

En relación coa saúde mental, alertou do impacto do silencio social. "O silencio mata", afirmou, denun-



ciando que "só o 0,23% aparece como enfermidades profesionais... a realidade non ten nada que ver con esa estatística", indicou.

O informe apunta á deterioración do sistema sanitario e da saúde das persoas traballadoras

Pola súa banda, a secretaria de Saúde Laboral de UGT, Patricia Ruiz, advertiu do aumento das baixas laborais e do enfoque do debate público. "Estamos moi preocupados por este aumento pero tamén polo relato que se está instaurando sobre as súas causas e solucións", sinalou.

Ruiz explicou que o informe apunta a unha dobre deterioración: "a deterioración clara do sistema sanitario e a deterioración da saúde das persoas traballadoras", destacando o impacto das listas de espera, que aumentaron nun 27% desde 2018.

Neste sentido, lembrou que "os complementos laborais non son a causa de que as persoas traballadoras acudan a solicitar unha baixa", e que as baixas laborais aumentaron un 68% nos últimos anos "en todos os tramos de idade, duración e sectores", o que demostra que "non é un capricho, senón un problema de saúde".

A modo de exemplo, a secretaria

de Saúde Laboral sinalou que os procesos de Incapacidade Temporal aumentan en traballadores por conta allea, no réxime xeral, nun 66%, pero tamén no réxime autónomo nun 27%, o que "rompe co relato de que os traballadores e traballadoras que teñen unha baixa laboral é porque non perden diñeiro ou porque teñen un complemento".

Tamén subliñou o impacto económico nas persoas traballadoras. "Os tres primeiros días non cobran nada, a partir do cuarto cobran o 60% da base reguladora e só cobran o 75% a partir do día 21 de baixa. Nos sectores máis precarizados, nunha baixa de máis de seis meses poden chegar a perder entre 1.500 e 2.000 euros", explicou.

Ruiz defendeu que se trata dunha realidade evitable, e anunciou a posta en marcha de ferramentas e recursos como un Observatorio de Saúde Mental para apoiar as persoas traballadoras. "Dotamos de estratexias, de medidas, consellos, recomendacións... as empresas que teñen un plan de prevención do suicidio están a salvar vidas", destacou.

Finalmente, reclamou romper o estigma ao redor deste problema e apunta, como claves do camiño para seguir, "máis investimento en sanidade pública, máis investimento en recursos humanos e médicos, máis atención especializada e reducir as listas de espera".